



ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR CURSO 2014-2015

1ª ACTA DE REUNIÓN DA XUNTA ELECTORAL

Sendo as 11 horas do día 4 de novembro de 2014 reúnese, na Sala de Xuntas do I.E.S. Poeta Díaz Castro de Guitiriz (Lugo), o director do centro en funcións Alfredo Torres Bouza e os titulares e suplentes dos distintos colectivos que resultaron elixidos no sorteo público celebrado neste I.E.S. o día 27 de outubro de 2014, para constituír a Xunta Electoral que organizará e supervisará o proceso de renovación dos membros do Consello Escolar.

Constitúese a Xunta Electoral quedando integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

D. Alfredo Torres Bouza

SECRETARIO/A:

D. Jesús Álvarez Arias

VOCAIS:

D^a. Paula Riguera Freijo

D. Gemma Dapena Gil

D. José Jorge Baamonde Vázquez

D. Agustín Martínez Carballido

A continuación **elabórase o calendario para a renovación parcial do Consello Escolar do I.E.S. Poeta Díaz Castro de Guitiriz, coas seguintes datas:**

4 de novembro:	Aprobación dos censos electorais.
Do 4 ao 11 de novembro:	Exposición dos censos electorais.
Do 4 ao 11 de novembro:	Reclamacións aos censos electorais.
Do 4 ao 12 de novembro:	Admisión de candidatos/as.
12 de novembro:	Resolución de reclamacións e publicación dos censos definitivos.
12 de novembro:	Proclamación de candidatos/as e sorteo das mesas electorais
13 e 14 de novembro:	Reclamacións ás candidaturas proclamadas.
17 de novembro:	Resolución de reclamacións ás candidaturas.
19 de novembro:	Claustro para a fixación do Claustro extraordinario no que se farán as elección dos representantes do profesorado.
25 de novembro:	Votación do alumnado de 9:00 a 13:30 horas.
26 de novembro:	Votación dos pais e nais do alumnado de 9:00 a 13:30 horas.
26 de novembro:	Votación do profesorado en claustro extraordinario ás 11:00 horas.
28 de novembro:	Proclamación de candidatos/as electos/as e remisión de actas ao delegado provincial de educación.



Establécense, así, as seguintes datas de reunión da Xunta Electoral, no caso de que sexa preciso:

- 12 de novembro: Proclamación de candidatos e sorteo das mesas electorais.
 17 de novembro: Resolución de reclamacións ás candidaturas e confección das papeletas de votación.
 28 de novembro: Proclamación de candidatos electos e remisión de actas ao Xefe Territorial de educación.

A renovación parcial do Consello Escolar afecta a catro membros do sector do profesorado, dous membros do sector do alumnado, tres representantes de pais/nais (sendo un deles designado pola ANPA), ao/á representante do Concello e o das aociacións empresariais.

Cumprindo o calendario elaborado, apróbanse os censos electorais.

Por último, apróbase mandar un comunicado por escrito aos seguintes organismos: ao Concello segundo o regulado na disposición adicional tres do decreto 324/1996, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros de ensino non universitario, que modifica o artigo 33 do Decreto 92/1988, e á Organización Empresarial que ten unha representación voluntaria con voz pero sen voto no Consello Escolar segundo o artigo 42 do decreto 324/1996.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza sendo as 11.30 horas do día 4 de novembro de 2014.

O Presidente da Xunta Electoral:

O Secretario:

Asdo.: Olga Aguiar Enríquez.
 Alfredo Torres Bouza P.S.



Asdo.: Jesús Álvarez Arias.

A Vocal:

O Vocal:

O Vocal:

O Vocal

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

PAULA RIQUERA

Agustín Carballedo

Semma Dapera Gil